

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 5, 17-30

Naquel tempo, Xesús respondeulles ós xudeus:

– «O meu Pai ata o presente está sempre a traballar; eu tamén traballo.»

Por iso os xudeus tiñan máis interese en matalo, porque non só violaba o sábado, senón que dicía que Deus era seu Pai, facéndose a si mesmo igual a Deus.

Xesús saíulles ó paso dicindo:

– «Con toda verdade volo aseguro: o Fillo non pode facer en por si nada: só o que lle ve facer a seu Pai. O que este fai, faino tamén o Fillo: pois o Pai ama ó Fillo, e móstralle todas as cousas que el fai, e mostraralle obras meirandes ca estas, para que vos pasmedes.

Pois, así coma o Pai resucita os mortos e lles dá vida, así tamén o Fillo dá vida ós que el quere.

Pois nin sequera o Pai xulga a ninguén, senón que delegou no Fillo todo o poder de xulgar, para que todos honren o Fillo como honran o Pai. O que non honra o Fillo, non honra o Pai, que o mandou.

Dígovos a verdade: quen escoita a miña palabra e cre no que me mandou, ten vida eterna e non comparecerá a xuízo, senón que pasará da morte á vida.

Con toda verdade volo aseguro: chega a hora ou, mellor dito, xa é esta a hora en que os mortos escoitarán a voz do Fillo de Deus e os que a escoiten, vivirán.

Pois así coma o Pai ten vida en si mesmo así tamén lle deu ó Fillo ter vida en si mesmo; e deulle tamén poder para xulgar, pois é o Fillo do Home.

Non vos pasme isto, porque chega o momento en que todos os que están nos sepulcros escoitarán a súa voz; e sairán os que fixeron o ben a unha resurrección de vida; e os que obraron o mal a unha resurrección de condena.

Eu nada podo facer pola miña conta: conforme oio, xulgo; e o meu xuízo é xusto, porque non procuro a miña vontade senón a vontade de quen me mandou.»